



Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Outubro 2005



APUNTAMENTOS / ENRIQUE BANET
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

TRIBUNA / ANA GARCÍA BARRIO
PROXECTO “CONTA CON ELAS”

Editorial

A análise territorial e as novas tecnoloxías como ferramentas útiles para o desenvolvemento local

Tribuna

Proxecto 'Conta con Elas'. Iniciativa Equal

Escolas abertas

Pasado e presente da Finca de Briz

Unha organización cooperativa

O outro obradoiro

A rehabilitación da canteira do Alto da Lapa en Paredes

Obraquedobra

Os proxectos de obradoiro de emprego como programas de formación de especialistas na loita contra os incendios

A formación conxunta en oficios diferentes para aumentar as posibilidades de inserción no mundo laboral

Apuntamentos

Conciencia ecolóxica e arquitectura

Desenvolvemento rural sustentábel e agroecoloxía

Desenvolvemento sostible

landra

Revista informativa

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:

Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:

María Alonso Rey
Rosa Calvo Buxó
Blanca González de la Cuesta
Julio López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Marisa Otero Custodia
Mercedes Pousa Pereira
Francisco Gabriel Quintáns Ríos
Susana Rivadulla López
Berta Saavedra Fernández
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila Carrizo

Colaboran neste número:

Alumnado OE A Xunqueira
Alumnado OE A Xuventude V
Alumnado OE As Neves
Alumnado OE Camiño de Santiago
Enrique Banet López de Rego
María Blach
Beatriz Esteban Aguirre
Dolores Falcón
Enrique Ferreiro Gómez
Pedro Fírvida
Ana García Barrio
Ana González
José Luis Marchetto García
Daniel Paz Antón
Rafael Pérez Castuera
Susana Rivadulla López
Daniel Vázquez Meréns

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

A análise territorial e as novas tecnoloxías como ferramentas útiles para o desenvolvemento local

O territorio no que habitamos conforma a maior base de datos que existe na Terra. Todo o que podemos percibir a través dos sentidos ten detrás toda unha información que en principio non apreciamos pero que pode ser de vital importancia para o noso desenvolvemento. Elementos xenéricos, como a propia natureza ou a tipoloxía do asentamento, e outros máis abstractos como clima ou o nivel de renda e emprego, aparecen referendados nun espazo que coñecemos como territorio e que os distintos organismos públicos se encargan de xestionar.

As características físicas dun territorio amósanse como determinantes á hora de realizar calquera tipoloxía de asentamento ou actividade. A isto hai que engadir outros factores como a existencia de recursos ou a proximidade a outros puntos de interese e que provocan un maior ou menor desenvolvemento do espazo. Todo isto pódese ver con certa claridade na Galicia actual, onde as características do relevo provocaron unha vertebración social e económica da nosa comunidade. Así, as zonas costeiras e as que están preto delas, se atopan máis desenvolvidas que a maior parte dos municipios do interior, grazas a factores como a proximidade ao mar, un clima máis benigno e un relevo máis favorable (de menor altitude e pendentes), o que favoreceu sen dúbida un maior asentamento humano así


como o desenvolvemento das actividades económicas e das infraestruturas. Todo o contrario ocorre no interior de Galicia, onde un relevo con maiores pendentes e altitude e un clima máis frío e seco, se erixen como principais factores que condicionan o asentamento neste espazo así como o desenvolvemento das infraestruturas, o que inflúe de forma negativa no desenvolvemento da súa actividade e capacidade económica. Soamente se poden ver favorecidos pequenos núcleos, hoxe vilas consolidadas, situadas en fondos de vales e á veira de cursos fluviais, onde o clima se suaviza e a relevo presenta unha forma máis suavizada permitindo a mellora dos servizos e das infraestruturas.

Na actualidade, a presenza das novas tecnoloxías estase consolidando como un factor determinante no que ao desenvolvemento do territorio se refire. A pesares de que segue a ser un campo vinculado, case en exclusividade, ao sector privado, parece que as distintas administracións públicas están comezando a ver a súa importancia e as posibilidades que estas teñen para un maior crecemento e desenvolvemento do seu espazo, polo que empezan a facer pequenos investimentos neste campo.

Editorial

Na actualidade, a presenza das novas tecnoloxías estase consolidando como un factor determinante no que respecta ao desenvolvemento do territorio

Aplicación informática para o
Sistema de Información
Xeográfica (GIS)



Editorial

Se por algo se caracterizan as novas tecnoloxías é pola súa rapidez así como pola facilidade á hora de aportar solucións e resolver problemas complexos. Unindo as características dun determinado espazo coas novas tecnoloxías, podemos estar ante un campo de traballo moi interesante no que a fusión dos dous conceptos pode dar resultados interesantes en canto á ordenación do territorio se refire. É por iso que un dos campos cara o que as administracións públicas poderían orientar as súas inversións nas novas tecnoloxías sería cara ao desenvolvemento local a través do análise territorial. Toda esa información que presenta un determinado territorio pódese recoller nunha base de datos co fin de analízalo, propoñer solucións e propostas así como desenvolver políticas de desenvolvemento máis axeitadas.

A mestura das novas tecnoloxías e o coñecemento do territorio levaríanos ao mundo dos GIS (Sistemas de Información Xeográfica), concepto que aínda non se atopa moi arraigado dentro da nosa comunidade pero polo que algunhas administracións públicas se comezaron a interesar, obtendo uns resultados positivos na súa aplicación e destacando a súa importancia. Os GIS son unha base de datos que leva asociada unha cartografía referenciada espacialmente. Toda a información recollida no traballo de campo sería introducida nunha base de datos que daría como resultado a

elaboración ao instante de mapas temáticos e que amosarían as características internas de cada territorio.

Estamos así diante dunha ferramenta que podemos considerar como básica e apropiada para pequenas administracións como os concellos, así como para un seu desenvolvemento local máis axeitado. O traballo de campo sería básico para a recollida de información e para a actualización da mesma, conformando unha ampla base de datos sobre a que se asentaría esta ferramenta. Unha vez obtida a información é xeoreferenciada, a cartografía que se conseguiría viría a amosar as peculiaridades do espazo, dende as características físicas do mesmo (relevo, pendentes e curvas de nivel) ata o tipo de asentamento e as características económicas e sociais. Nestes dous últimos campos debería de ser onde as administracións locais realizasen o seu maior esforzo. A posibilidade de obter información de forma instantánea sobre a taxa de paro, por entidades de poboación, o número de emigrantes ou inmigrantes segundo a zona, a localización do sector fabril ou o nivel de renda, permite que se poida apreciar que zonas son as máis desfavorecidas dentro duns espazos e mesmo saber que factores ou consecuencias inflúen no seu menor desenvolvemento, polo que facilitaría a labor dos técnicos responsables á hora de elaborar propostas e proxectos de mellora.

Todo isto repercutiría nun mellor desenvolvemento local que, coa toma de decisións axeitadas, sería máis equilibrado e sostible. Agora ben, o uso das novas tecnoloxías como son os GIS aplicados ao desenvolvemento local, son ferramentas efectivas só se son postas ao servizo da poboación local, contando coa súa necesaria participación na identificación e definición de actuacións axustadas ás súas necesidades de cara a obter un adecuado análise territorial. Entendido este non soamente dende un punto de vista xeográfico, se non tamén social, o feito de incluír os criterios da poboación local e os axentes implicados no desenvolvemento do territorio, xunto coa información obtida das fontes de datos secundarios unido o traballo dos técnicos, algúns dos obxectivos que se poden acadar son:

- Avaliar o estado dos recursos (escaseza ou abundancia), facer o seu inventario e valorar a súa utilización.

- Planificar a xestión dos recursos e avaliar o seu estado.

- Identificar os conflitos latentes.

- Reconstruír o pasado así como tamén construír o futuro.

- Revelar non só o que é facilmente identificable se non tamén os recursos que descubren os verdadeiros coñecedores da comunidade.

A análise territorial a través dos GIS tamén podería ser moi beneficiosa á hora de elaborar proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego. Cos resultados obtidos na recollida de información se podería obter cartografía temática referida ao mercado de traballo (persoas empregadas por sectores, idades e sexo, tipo de formación do alumnado, idade de incorporación ao mercado laboral, a taxa de desemprego e mesmo que sectores absorben un maior número de man de obra). Coa información existente na actualidade, a escala mais baixa á que se pode reflectir a información

a nivel territorial sería a dos concellos, podendo amosar aqueles que se atopan máis desfavorecidos e que posibilidades de mellora presentaría, polo que se podería realizar un proxecto de escola ou obradoiro para formar á xente e cubrir a demanda laboral que presente o municipio en determinados oficios, ben sexa en todo o seu territorio ou nun espazo determinado. Aínda que na actualidade non é posible e supón un grande esforzo para a maioría dos concellos, sería interesante dispoñer de información estatística a niveis territoriais máis baixos que o municipal, como podería ser a parroquia en Galicia, co obxectivo de poder reflectila nun GIS, e poder conseguir cartografía temática que amose e sitúe as debilidades e fortalezas internas dun concello.

Sabendo que o GIS é un instrumento cunha alta utilidade, aínda que pouco coñecido, as administracións locais deberían aproveitar esta ferramenta que, sen dúbida, melloraría a súa xestión no que ás políticas de emprego e benestar social se refire, así como seguro modificaría a visión inicial que teñen sobre o espazo que están a xestionar.

Editorial

Plano de Vigo



Reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo

Proxecto "Conta con Elas" Iniciativa Equal

Ana García Barrio

Directora do Proxecto "Conta con Elas"

Tribuna

En Agosto de 2005, iniciase no territorio da Mancomunidade a execución dun novo proxecto Equal, financiado polo FSE, con unha duración de 2 anos.

A sensibilización é o eixo central do proxecto, especialmente a sensibilización empresarial e laboral para diminuír a segregación laboral das mulleres. O Proxecto **Conta con Elas** impulsará e favorecerá o cambio na percepción da posición que as mulleres han de ocupar no mercado de traballo.

Esta formulación parte do diagnóstico derivado da análise da situación do territorio que mostra un elevado nivel de discriminación laboral feminina e, especificamente, un alto grao de segregación laboral, tanto horizontal como vertical.

Por iso actuarase sobre o contorno social e educativo, sobre o institucional, sobre o empresarial-laboral e directamente sobre 300 mulleres desempregadas formadas en profesións con escasa presenza feminina. Estes catro ámbitos constitúen as catro liñas de actuación xeral de

Conta con Elas.

As principais finalidades do traballo a desenvolver nestas liñas son:

- A sensibilización para modificar os comportamentos sociais de carácter sexista.

- A elección formativa non condicionada por estereotipos de xénero.

- A transversalidade do enfoque de xénero na xestión pública.

- A experimentación para obter compromisos por parte das empresas para promover e contratar a mulleres en calquera ocupación e nivel de responsabilidade, así como a modificación de calquera condición laboral de tipo discriminatorio.

- A posta en marcha dun método de traballo innovador para que as mulleres poidan promocionarse profesionalmente e inserirse en sectores nos que están subrepresentadas.

O maior esforzo centrarase no ámbito empresarial-laboral dado que o obxectivo último de **Conta con Elas** é paliar a discriminación laboral no mercado de traballo do territorio.

Adicionalmente ás catro liñas xerais de actuación, no proxecto existen outras catro liñas de actuación transversal: a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o impulso da conciliación da vida familiar, laboral e persoal; a aplicación das NTICs; a promoción do medio ambiente e o control, seguimento e avaliación do proxecto.

Equipo de xestión 'Conta con Elas'

r/ Elduayen, 36 Soto 2-3

36202 Vigo

Tlf: 986 442 499

info@contaconelas.com

Así, **Conta con Elas** estrutúrase en oito liñas de actuación, catro de carácter xeral e catro de carácter transversal.

Desde un punto de vista organizativo, e dados os bos resultados obtidos en iniciativas anteriores, o proxecto xestionarase de maneira descentralizada no territorio da MAIV mediante un centro principal e seis centros antena, tres de carácter territorial e tres de carácter sectorial. Nos tres territoriais atenderase ás beneficiarias últimas do proxecto, mentres que nos de carácter sectorial impulsarase o resto de accións do proxecto. Todos os centros antena estarán conectados co centro principal a través dunha rede privada virtual.

OBXECTIVOS:

A área temática elixida é a de "Reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo", integrada no Pilar IV: "**Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres**".

O obxectivo xeral do proxecto **Conta con Elas** é a diminución da segregación laboral, horizontal e vertical no emprego mediante unha intensa tarefa de sensibilización levada a cabo en tres niveis: socioeducativo, institucional e empresarial-laboral, co fin de facilitar a inserción laboral e a promoción profesional das mulleres en sectores de actividade e ocupacións masculinizados.

A consecución do obxectivo xeral de **Conta con Elas** ten que asegurar a obtención dunha serie de obxectivos complementarios:

I. Xerar unha percepción social máis igualitaria entre homes e mulleres rompendo, mediante accións innovadoras e experimentais, cos estereotipos sexistas existentes.

II. Impulsar o mainstreaming de xénero a través de accións no ámbito institucional co fin de transferir as mellores solucións encontradas ás diferentes áreas da xestión pública.

III. Potenciar a presenza de mulleres en sectores e ocupacións tradicionalmente ocupados por homes a través da modeliza-

ción de accións que promovan a capacitación e inserción laboral feminina nestes sectores co fin de incorporalas ás políticas de emprego.

IV. Sensibilizar ó sector empresarial con accións innovadoras para cambiar de maneira efectiva a percepción sobre o tipo de tarefas e responsabilidades que poden desenvolver as mulleres no emprego e impulsar a súa transferencia ás políticas xerais.

V. Promover unha elección formativa e profesional non baseada en estereotipos de xénero entre o alumnado do ensino secundaria e formación profesional, a través de accións de sensibilización e formación dirixidas ó persoal docente con funcións de orientación e tutorización de alumnos e alumnas.

VI. Optimizar o uso dos recursos existentes no territorio en materia de igualdade de oportunidades, mediante a posta en marcha de modelos de actuación baseados en redes cooperativas.

VII. Fomentar a conciliación familiar, laboral e persoal a través de accións experimentais que permitan conciliar os distintos tempos e espazos da vida.

VIII. Promover modelos de actuación transferibles no uso das NTIC para a xestión, desenvolvemento, seguimento, difusión, e avaliación do proxecto.

IX. Potenciar unha cultura respectuosa co medio ambiente, a través de accións innovadoras, transversais e transferibles que impliquen un emprego responsable dos recursos medioambientais, a xeración de emprego neste ámbito e a aplicación dun enfoque de xénero na formulación medioambiental do proxecto.



Tribuna

RESULTADOS PREVISTOS (agosto 2005 - decembro 2007):

En relación ás intervencións directas coas mulleres participantes no proxecto:

- Inserción de calidade do 60% das 225 mulleres desempregadas formadas en sectores e ocupacións tradicionalmente masculinas que participarán na acción "Reafirma: realización de itinerarios parciais para a reafirmación do obxectivo profesional".

- Inserción de calidade do 60% das 75 mulleres emprendedoras que participarán na acción "Reemprende: Accións para impulsar a creación de empresas promovidas por mulleres no marco da economía social".

- Creación de 5 empresas, promovidas por mulleres no ámbito da economía social, froito da acción "Reafirma: realización de itinerarios parciais para a reafirmación do obxectivo profesional".

- Posta en marcha de 30 plans individualizados de formación a medida, destinados a mulleres traballadoras, para impulsar a promoción profesional das mulleres como medida para paliar a segregación vertical no emprego.

- Elaboración de 10 proxectos empresariais de mulleres en sectores con escasa presenza feminina en postos directivos ou como empresarias mediante a acción "Emprende Innova".

- Profesionalización de 18 mulleres en postos de traballo nos que as mulleres estean subrepresentadas dentro do sector do medio ambiente, a través de

"Reemprende- Medioambiente".

- Experimentación e modelización sobre a cooperación comunitaria como mecanismo para favorecer a conciliación da vida profesional, laboral e persoal. Posta en mar-

cha de xeito experimental dun Banco do Tempo.

- Experimentación específica sobre o uso das NTIC como instrumento para facilitar a creación de empresas de mulleres, o intercambio entre emprendedoras e a procura de socias e/ou investidores/as.

En relación ás accións do proxecto no territorio:

- Posta en marcha dun novo método de intervención para a atención ás persoas baseado en itinerarios parciais que faciliten, por un lado, diminuír a segregación laboral de carácter horizontal e vertical existente no territorio, e por outro lado, resulte complementario cos recursos existentes na área de Vigo.

- Sensibilización directa e traballo con 300 empresas da área de Vigo: plans de igualdade de oportunidades en empresas, recoñecemento no territorio das empresas que poñan en marcha medidas en materia de igualdade .

- Sistematización dun modelo de intervención integral para combater a discriminación laboral que sofren as mulleres, baseado no traballo paralelo e conxunto, sobre tres ámbitos: socioeducativo, institucional e empresarial-laboral.

- Asentamento dun cambio de percepción social sobre os tipos e postos de traballos que as mulleres poden desempeñar no mercado de traballo.

- Establecemento de redes cooperativas para impulsar a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia das mulleres no emprego, mediante a constitución de redes de empresas e de entidades de diverso tipo.

- Afianzamento dunha elección profesional e formativa non condicionada por estereotipos de xénero mediante accións de sensibilización dirixidas ó profesorado que realiza titorías e orientación con alumnos e alumnas.

Tribuna

Albanela





Fontaneira

LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PROXECTO: XERAIS E TRANSVERSAIS.

LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS:

A. Sensibilización social e educativa: O obxectivo desta liña é a sensibilización do contorno social e dos axentes educativos con funcións de titoría e orientación do alumnado co fin de promover un cambio na percepción social das mulleres e facilitar unha elección formativa e profesional non condicionada polos estereotipos de xénero.

B. Sensibilización institucional: A administración pública debe ser exemplo e garante da aplicación do mainstreaming de xénero e da igualdade de oportunidades (IO). Mais no desenvolvemento do proxecto Equal anterior e no estudo socioeconómico do territorio, detectáronse importantes lagoas de aplicación nesta materia na área da Mancomunidade de Vigo. Por iso, o obxectivo desta liña de actuación é potenciar o papel das administracións como impulsoras da IO, mediante a realización de accións positivas e a promoción do enfoque transversal de xénero prioritariamente ós ámbitos de formación e emprego.

C. Sensibilización empresarial e laboral: A segregación laboral está na base da discriminación laboral; por iso a sensibilización empresarial e laboral resulta imprescindible para acadar a diminución de dita segregación. Polo tanto nesta liña levaranse a cabo investigacións que achegarán datos para orientar accións futuras e sobre todo prevé actuacións coas empresas, co fin de facilitar, promover, dar a coñecer e, en suma, posibilitar a adopción de medidas de acción positiva para impulsar o acceso e permanencia no emprego das mulleres.

■ Optimización da coordinación territorial en materia de igualdade de oportunidades que permita o óptimo aproveitamento dos recursos existentes, avaliando ó longo do proxecto as dificultades e limitacións existentes para logralo.

■ Implantación dun método de traballo que posibilite a sistematización do enfoque de xénero en todas as actuacións do proxecto.

■ Identificación das condicións laborais que favorecen o mantemento da discriminación laboral por razón de xénero e especificamente da segregación laboral, tanto horizontal como vertical.

■ Posta en marcha dun sistema que permita aplicar transversalmente e cun enfoque de xénero o respecto ó medio ambiente a través da posta en marcha, entre outras accións, dos protocolos de responsabilidade medioambiental ou da sensibilización medioambiental de xénero.

■ Modelización do proceso de transferencia a partir de metodoloxías innovadoras que estean baseadas no lobbying e o descubrimento "in situ".

Tribuna

Formación en tecnoloxías
da información



Tribuna

D. Atención ás persoas: O traballo coas beneficiarias finais é fundamental para incidir na diminución da segregación laboral e para potenciar a inserción de mulleres en oficios e sectores nos que están subrepresentadas. Pero o Proxecto non quere incidir sobre accións que parcialmente xa se están a levar a cabo. Así, partindo do criterio de complementariedade das actuacións e da pertinencia destas en base ós obxectivos definidos, decidiuse traballar con mulleres desempregadas que xa están formadas en profesións tradicionalmente desempeñadas por homes. Así incidirase na estabilización e aseguranza dos obxectivos profesionais destas mulleres e na preparación grupal para o acceso ó mercado de traballo. Desenvolveranse itinerarios parciais orientados á inserción laboral efectiva, tanto por conta allea como por conta propia. Esta inserción verase favorecida polas accións de sensibilización dirixidas ás empresas.

LIÑAS DE ACTUACIÓN TRANSVERSAIS:

A. Accións de promoción da Igualdade de Oportunidades: Esta liña de carácter transversal agrupa a todas as accións do proxecto que reforzan a aplicación do enfoque de xénero e facilitan a conciliación da vida familiar, laboral e persoal; se ben, e dado que **Conta con Elas** se inscribe no eixo IV, o desenvolvemento do proxecto implica a posta en marcha dun conxunto de accións positivas estruturadas nas catro liñas

de actuación xeral que xa se describiron antes.

B. Accións transversais en NTIC: O traballo para diminuír a segregación laboral no territorio pasa polo uso intensivo das novas tecnoloxías que se perfilan como imprescindibles para articular un sistema compartido de información e difusión.

A páxina web, o boletín electrónico, o sistema de intermediación entre persoas e empresas (base de datos de **Conta con Elas emple@te**), son produtos desta área do proxecto.

O Bus da igualdade tamén porá a proba un sistema inalámbrico de intercambio de información WIFI que mellorará e actualizará a rede privada virtual dispoñible. Tamén se comprarán dominios e licenzas para todo o sistema informático e de comunicación do proxecto.

C. Accións de carácter transversal en Medioambiente: Esta liña de actuación transversal centrarase na xestión medioambiental dos servizos e procesos xerados polo proxecto, e na formación e na sensibilización medioambiental.

D. Control, seguemento e avaliación do proxecto: O seguemento e avaliación do proxecto levarase a cabo por dúas vías, interna e externa.

Pasado e presente da Finca de Briz

Dolores Falcón

Titora da Escola Obradoiro "Marín II"

A Escola Obradoiro "Marín II" sitúase dentro do concello de Marín (Pontevedra) na Finca de Briz, de titularidade municipal sendo a continuación dunha primeira Escola que xa se desenvolveu neste mesmo lugar dende decembro de 2001 ata xuño de 2003.

O actual programa de formación e emprego promovido polo Concello de Marín comeza a funcionar o 30 de xuño de 2004, e ten previsto rematar o vindeiro 29 de decembro de 2005.

Esta Escola Obradoiro compóñena un total de cincuenta e seis alumnos-traballadores, repartidos en cinco especialidades (albaneis, canteiros, carpinteiros, instaladores e xardineiros), dos que o 64% son homes e o 36% mulleres, e cos que traballa un cadro de persoal composto por doce profesionais que forman o equipo directivo, docente e administrativo

O contorno no que se desenvolve este Proxecto denomínase Finca de Briz, remodelada e ampliada nos anos corenta, ao mesmo tempo que a Escola Naval de Marín (1943), sobre uns terreos e unha casona labrega orixinal, e destinada a Granxa-Residencia de verán, coñecida como "Granja de la Cuesta" ou "Villa Paula". Este enclave ao aire libre dentro do actual casco urbano de Marín, ten unha superficie na actualidade de 23.354 metros cadrados e foi adquirida polo Concello en outubro do ano 1999 ós irmás Briz Saraiva por 150 millóns de pesetas.

Baseándonos na información obtida a

través de D. Sebastián Ruibal, antigo caseiro da Finca xunto coa súa muller, dende principios dos anos setenta ata a súa venda ao Concello, puidemos saber do poder económico e social da familia propietaria deste lugar, de procedencia castelá ou catalá, pola rama masculina (Briz), e portuguesa, pola feminina (Monais); esta última familia tiña unha finca similar a Briz en Portugal, sendo o seu propietario, o patriarca, un xeneral da Armada Portuguesa e que logo herdaría o seu fillo, D. Mendo Monais, irmán da señora de Briz de Marín, que fora cónsul de Portugal en España.

A familia aumentou notablemente a súa economía pola produción das fábricas de conserva de peixe e marisco que tiñan no concello de Ribeira, na zona comprendida entre Area Secada e A Ameixida, situada na cara interior da Ría de Arousa, indo pola estrada cara Aguiño, hoxe zona de praias.



*Obra da Escola
Obradoiro 'Marín II'*

Escolas abertas

*Alumno traballador da
Escola Obradoiro 'Marín II'*

A familia Briz Saraiva tiña cinco fillos, tres homes (Francisco, Marcelino e Ricardo) e dúas mulleres; unha destas casou cun membro dos Lamberti de Vigo, sendo propietarios dunha empresa de barcos conxeladores con base en Canarias.

Un dos irmáns, Francisco, dende moi novo, foi o encargado das fábricas conserveiras que posuían en Ribeira, famosas pola súa elaboración artesanal, exportando a maior parte da súa produción, sobre todo os enlatados de mexillón e berberecho.

Toda esta Finca era residencia de verán para a familia Briz Saraiba; a este lugar acudían personalidades importantes dos anos cincuenta e posteriores; tanto da Escola Naval, como cargos políticos e donos de empresas, amigos da familia, recordando o señor Ruibal que durante o verán falábase da entrada de xente na Finca como "de película".

No lugar, a familia pasaba de dous a tres meses ao ano, pois a súa residencia habitual localizábase no centro de Vigo, nun dos edificios máis emblemáticos da cidade; o situado na rúa Lepanto, esquina con Urzáiz, que aínda hoxe chama a atención pola súa construción, característica do 1800.

O Sr. Ruibal cóntanos polo miúdo como era a Finca de Briz nos seus mellores anos.

■ A Finca estaba rodeada por unha muralla (que aínda se conserva e que fora construída na mesma época que a casa máis antiga, coñecida como Casa Adega); ata ela chegaba o mar na súa cara leste, así como polo río Lameiriña que se atravesaba por unha antiga ponte. Toda esta zona foi obxecto de recheos ao inicio dos anos setenta. O río canalizouse por debaixo do recheo e das instalacións da Escola Naval ata o mar.



Conta o señor Ruibal que el recorda como ata a Finca chegaban en barca para recoller a D. Mendo Monais cando quería practicar a pesca, unha das súas afeccións.

A data da construción da Casa Adega é incerta, pero puido ser na súa orixe un pazo do século XVIII dedicado a vivenda dos donos. No soto estaba a adega e as cortes dos animais (cabalos e porcos) conservándose restos dun sistema de bebedeiros e comedeiros feitos en pedra; arrimada á casa existía unha capela á que acudían os veciños de Marín.

■ Posteriormente executouse a construción dunha pequena casa de planta baixa, de pedra e tella coñecida como "Casa dos Caseiros", unha vivenda que se fixo, como o seu nome indica, para que nela viviran os caseiros da Finca, a familia que se encargaba de traballar a terra e servir aos señores da Casa Adega.

■ A actual casa, que se emprega para impartir a formación e realizar tarefas administrativas nesta Escola fora construída, como xa se mencionara antes, ao mesmo tempo que a Escola Naval, intervindo en ámbalas dúas instalacións as empresas de construción Lamas e Dios, de Pontevedra.

Co que hoxe é o actual chalé principal, e que tivo a súa época dourada nas catro décadas que van dos anos corenta aos setenta, fixemos un percorrido na memoria do señor Ruibal.

Esta era unha casa de baixo, piso e faia-do con azotea, semellando no seu exterior as construcións indianas. O soto dedicábase a cocheira (os donos tiñan os mellores coches da época) e a almacén, onde se gardaban a granel estiradas no chan froitas e patacas. No oco do fondo estaba a caldeira da auga quente e calefacción. Na planta baixa existían tres locais: no que hoxe é obradoiro de instalacións estaba a cociña e despensa; no obradoiro de carpintaría, o salón comedor, no seu momento cunhas fabulosas vistas ao mar a través dos seus grandes fiestras; tiña cheminea de leña no seu interior.

Cara ao exterior atopábase unha enorme terraza. Nesta, recorda o señor Ruibal que estaba o dono da finca, D. Marcelino, sentado nunha hamaca e cun sombreiro de palla cando el e maila súa muller viñeron a pedir traballo como caseiros. Chegaron ao acordo de redactar un primeiro contrato coa duración dun ano, coa condición de realizar o mantemento da Finca; o que se producira sería do caseiro (froito do coidado do viñado e do cultivo de legumes). O dono podería coller do cultivado para consumo da familia sempre que quixera. Este contrato inicial perdurou ata a venda da Finca ao Concello, recordando o señor Ruibal que os donos sempre demostraron bo trato con el e a súa muller, non esixindo máis do traballo que estes realizaban no seu tempo libre, pois o caseiro tamén era carpinteiro de ribeira nun estaleiro da zona.

Continuando o percorrido pola casa, nesta mesma planta quedanos o espazo que se emprega como aula de Graduado e que fora cuarto de costura da dona da casa; o caseiro recórdaa como moi boa costureira; coméntanos que se sentaba a coser neste cuarto, sobre todo cando entra-ba o sol polas grandes ventás; por momen-tos, tiña que abandonar a costura para organizar coas súas criadas as labores da casa e a cociña, traendo sempre e en toda


ocasión a chave da despensa con ela.

Na primeira planta da casa estaban o cuarto principal cun baño e un corredor que levaba a un cuarto de estar con dous balcóns ao exterior e que abarcaba case toda a fachada da casa (hoxe aula de can-tería e administración); na parte traseira e nun lateral estaban os cuartos dos tres fillos, un deles con balcón ao exterior e outro cun chamativo lavabo encaixado nunha parede revestida de madeira (empregados estes locais na Escola como aula de instalacións, carpintaría e despacho de dirección).

Na parte superior da casa estaba o cuar-to das dúas fillas que daba á fachada prin-cipal e a unha azotea (dedicada na Escola a aula de xardinaría); ademais estaban os cuartos das criadas (o caseiro recorda catro mulleres); nestes últimos locais hoxe temos a titoría, aula de albanelaría e sala de reu-nións.

Ao longo de toda a casa existían arma-rios encaixados que se empregaban para gardar a roupa da casa, chamando a aten-ción a madeira empregada e a técnica constructiva cos resultados acadados; o piso tamén é de madeira, concretamente de tea.

Tanto o piso como os acabados en madeira, aínda se conservan, ademais do pasamáns das escaleiras de acceso as plantas da casa.



Edificio en obra da Escola
Obradoiro 'Marín II'

No exterior, na Finca atopábanse empa-rados de viñado nos bancais (con uvas brancas de mesa e da variedade tinto gran negro).

Escolas abertas

Escolas alertas

Preténdese que o concello conte cuns servizos axeitados con vistas a crear un equipamento social e cultural neste enclave ao aire libre

Conta o señor Ruibal que nos seus mellores tempos de caseiro, ten elaborado na adega vinteseis canados de viño coa mestura das uvas brancas e tintas (sendo un canado corenta litros). Tamén conta o caseiro que tivo autorización do dono para cortar a maior parte das cepas, dados os numerosos roubos e desperfectos que causaba a entrada de xente allea á Finca. Na mesma, existían moitas árbores froiteiras (dábanse as mazás, peras, abelás, pomelos, castañas, figos) ás que se engadiron a plantación doutras novas; tamén árbores e plantas de flor, sobre todo, camelias e magnolios. De todas elas aínda se conservan bastantes exemplares. Para o mantemento de todo isto precisábase de moita auga; esta provén dun manancial localizado no exterior que se coñece como "A Hortiña", que foi canalizado por toda a Finca construíndose depósitos, e incluso un estanque. Este estanque que se sitúa na parte alta da Finca tamén tivo a súa historia trágica, porque nel morreu unha filla dos donos; esta rapaza era moi afeccionada aos cabalos, caendo dun cando estaba dando un paseo por esta zona do estanque.

Completaba a Finca outra casa e xardín coñecida como "Finca Crespo" ou "Villa José", que hoxe está en estado ruinoso e que foi separada da Finca Briz por unha anterior herdanza, compartindo ambas aínda agora o manancial de auga.

Tamén anexo á Casa principal, ao lado dun abeto centenario que aínda hoxe se conserva, existía unha sebe moi alta que rodeaba a zona de baño e lecer que empregaban os donos a modo de piscina durante o verán.

Existía e aínda se conserva, así mesmo, no seu entorno: un piorno, un lavadoiro, varias fontes, varias escaleiras de acceso repartidas por toda a Finca, canalizacións de auga, zonas axardinadas, zona de bosque.

A Escola Obradoiro "Marín I" xa actuara sobre este enclave, rehabilitando o chalé

principal e acondicionando o entorno da Finca. O actual proxecto que se está a desenvolver ten como fin, en canto ás actuacións en obra a realizar, dar continuidade ao anterior coa rehabilitación das edificacións secundarias (Casa Adega e Casa dos Caseiros), así como o mantemento de toda a zona verde, tentando crear un conxunto homoxéneo en canto ao estado das tres edificacións, e ao mesmo tempo, que os veciños do concello e posibles visitantes contén cuns servizos axeitados con vistas á creación dun futuro equipamento social e cultural neste enclave ao aire libre, e que ao mesmo tempo, faga a función de pulmón verde de Marín.

Seguidamente detallamos as actuacións levadas a cabo dentro do noso proxecto:

No contorno (formado por bosques e xardíns, con especies de interese paisaxístico): canalización do sistema de captación e rego de todo o recinto, reposición e consolidación de muros en contención de terras, construción de escaleiras en zonas de paso e proteccións, instalación eléctrica de alumado, creación de novas zonas axardinadas, acondicionamento e mantemento das zonas verdes xa existentes, creación de sendeiros polos que se pode percorrer toda a Finca.

Na Casa Adega, (previndo o seu uso futuro como lugar de mostra e degustación de produtos da zona): estrutura a base de forxado de formigón armado, combinando con estrutura de madeira na cuberta, peche exterior con cadeirado de pedra e galería de madeira, cuberta a dúas augas empregando tella país, instalacións de fontanería, electricidade e calefacción, carpintería interior de madeira, pavimentos de tarima de madeira e gres.

Na Casa dos Caseiros (previndo un dobre uso, como almacén de xardinería e para vivenda do garda da Finca): reconstrución dos muros existentes e estrutura vertical con forxado de formigón armado, peche exterior, cuberta a dúas augas con tella do país, instalacións de fontanería, electricidade e calefacción, carpintería interior de madeira, solados en gres rústico.

Unha organización cooperativa

María Blach

Titora do Obradoiro de Emprego "Manuel B. Portela IV"

Pedíuseme que fale das funcións que desempeño como TITORA no obradoiro no que traballo. Despois de darlle algunhas voltas -ibastantes!- ao asunto, chego á conclusión de que do que realmente me apetece falar é do **noso proxecto e a súa organización**. Deste xeito, quedará reflectido o traballo de todos os que nisto temos contribuído aportando as nosas ideas, saberes ou iniciativas.

O noso OE, sen perder de vista en ningún momento a súa identidade de centro de formación para o emprego, procurou funcionar coas características e a axilidade dunha empresa, a partires dunha metodoloxía participativa. De feito, so tres puntos determinan o marco xenérico, dentro do cal nos movemos cunha ampla marxe de decisión.

■ As directrices xerais e didácticas emanadas da sección de EO e OE da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

■ As instrucións xerais emanadas da entidade promotora, Concello de A Guarda.

■ O cumprimento estrito da normativa orzamentaria, en canto a forma e desenvolvemento do gasto.

A partires de aquí desenvolvemos a organización do obradoiro en torno aos seguintes aspectos:

1. Plan estratéxico
2. Liderado e motivación dos recursos humanos-iPunto clave!
3. Estruturación por áreas.
4. Participación.
5. Plan de formación integral.

Para elo foi necesario pór en marcha un sistema de interrelacións, entre todos os elementos intervinientes no proxecto, tendo en conta que, tanto a rixidez como a falla de estrutura básica, poden facer fracasar un deseño organizativo.

Agora desenvolveremos cada un dos aspectos do noso **plan**.

1. PLAN ESTRATÉXICO

Se como xa dixemos, tratamos de comparar o OE cunha empresa que o que produce son profesionais formados/as en Albanelaría, Cantería, Carpintaría e Xardinaría, a través dunha ferramenta que é a formación e a práctica profesional, podemos dicir que como en todas as empresas haberá que deseñar un plan comercial, con todas as limitacións que este supón porque estamos falando de persoas, non estamos a falar nin de produtos nin de servizos.

Este Plan deberá contemplar un conxunto de accións que cubran perfectamente un obxectivo: a produción de calidade.

Esa é a nosa estratexia, consolidar unha boa formación e facérllelo ver aos empregadores.

Neste tipo de programas traballamos cuns perfís heteroxéneos e en xeral pouco motivados. Coñecer isto de partida require que o OE ofrezca unha imaxe moi compacta e sobre todo, moi práctica aos participantes. Para conseguilo é necesaria a cohesión grupal do equipo: director, titora, docentes e persoal de apoio administrativo.

Escolas abertas

Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Manuel B. Portela IV'



2. LIDERADO E MOTIVACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

-ipunto clave!

É imprescindible que o equipo técnico que conduce o OE se implique no proxecto dende o seu inicio e, sen baixar a garda ata o final, perseguindo obxectivos comúns e aplicando metodoloxías similares. Isto non se consegue dun xeito espontáneo, é necesario fomentalo e mantelo coa constante interacción e motivación.

O noso obxectivo foi conseguir a cooperación de todos co fin de obter os mellores resultados para o OE e, principalmente, o maior grado de satisfacción para os participantes no proxecto. Os responsables de cada área vimos de aportar os nosos coñecementos e habilidades utilizando técnicas centradas nas relacións humanas, traballo en equipo, comunicación, clima laboral, toma de decisións participativa e asignación de cargas de traballo por delegación.

3. ESTRUCTURACIÓN POR ÁREAS

■ **Área de coordinación e xestión**, a cargo da dirección

■ **Área didáctico-formativa**, a cargo da titora.

■ **Área de taller e obra**, a cargo dos docentes de especialidade.

■ **Área de administración e servizos**, a cargo do administrativo.

4. PARTICIPACIÓN

■ **Reunión de coordinación xeral**, participa todo o equipo, coordinadas polo director

■ **Reunións da programación da formación e avaliación**, participa todo o equipo, coordinadas pola titora do obradoiro de emprego.

■ **Asambleas xerais**, participa todo o proxecto. Realizáronse dúas, unha ao principio do proxecto de obradoiro de emprego e

outra no fin da primeira fase do mesmo.

■ **Titorías co alumnado**. Poden ser individuais ou grupais. Son unha ferramenta moi apreciada por min como titora. Nelas abordamos todo tipo de asuntos relacionados coa formación, o traballo, a orientación e coa vida no obradoiro. Procuro que as titorías axuden a crear e manter un bo clima grupal. As reunións son áxiles e cortas. As titorías adoitan durar una hora.

5. PLAN DE FORMACIÓN

■ **Por especialidades**: segue os itinerarios dos certificados de profesionalidade. Vimos de readaptalos e ampliar por cambios na obra.

■ **Complementarias**: cálculo, informática, orientación laboral e xestión empresarial.

■ **Monográficos**:

- Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo. FREMAP.

- Igualdade de oportunidades na vida cotiá e no mundo do traballo. A cargo da directora do Centro de información á muller da Guarda.

- Autoemprego. A cargo IGAPE, en colaboración coa técnica de emprego de A Guarda.

■ **Visitas formativas**. Por especialidades. A lugares de interese para a súa formación.

Este é o esquema do noso funcionamento. A estas alturas, cando xa está case todo por finalizar, seguimos tendo o entusiasmo co que comezamos a nosa andaina, e podemos ollar con orgullo os resultados do esforzo e empeño, que tanto nós como os participantes, temos posto en facer funcionar o noso obradoiro.

Pasamos de ser un grupo de descoñecidos, a ser un equipo de persoas que traballan xuntas e, por fin, somos un grupo con afectos compartidos que traballa en equipo.

É un pracer traballar así.



Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Manuel B. Portela IV'

O outro Obradoiro

Pedro Fírvida e Ana González

Director e titora do Obradoiro de Emprego "A Lama II"

Alumnado-traballador do OE 'A Lama II'

Un OE parécese nos un instrumento que fomenta os lazos cívicos e o exercicio de cidadanía, estimulando as proximidades, os vínculos veciñais e a interacción social e que xera unha proximidade comunitaria mais alá da finalidade última da inserción laboral.

Antes da nosa exposición gustaríanos apuntar determinados conceptos que nos parecen fundamentais dentro da intervención que implica este tipo de proxectos.

DESENVOLVEMENTO RURAL INTEGRADO.

Que atende simultaneamente a todas as dimensións que definen a calidade de vida dunha comunidade con relación ao seu contorno natural e social en función dos compoñentes socioeconómicos. É un proceso globalizador que pretende desenvolver os recursos endóxenos a medio e longo prazo e que persigue, coa participación da comunidade e co apoio dos axentes externos, o incremento do seu nivel de benestar.

EDUCACIÓN CÍVICA E COMUNITARIA.

Como proposta formativa que concorda a instrución e formación de cada individuo nos criterios, valores e principios básicos dunha convivencia social comprometida.

INVESTIGACIÓN SOCIAL. Promove o acceso sistemático e rigoroso ás realidades sociais co obxecto de proporcionar informa-



ción e coñecemento suficiente sobre as mesmas e as súas respectivas problemáticas.

TECNOLOXÍA SOCIAL.

Como unha "ciencia da acción" que aspira a transformar o coñecemento en posibilidades de actuación e que adquire un status propio na medida en que

satisface o obxectivo de acadar solucións efectivas a situacións concretas.

APRENDIZAXE. Como un proceso polo que un suxeito motivado cambia as condutas para vencer un obstáculo e acadar a meta que satisface a súa motivación.

Esta tese sae da observación da evolución positiva, en xeral, que se produce dentro dunha comunidade de alumnos/as deste tipo de proxectos.

En todas as comunidades humanas, tamén as comunidades de carácter veciñal, teñen unha certa tendencia a prexulgar e emitir xuízos de valor negativos sobre outros.

Como en calquera outra comunidade, os roces e os pequenos conflitos de convivencia se manifestan, nun principio, con máis asiduidade que os positivos pero tras a convivencia diaria nos obradoiros e a intervención psicopedagóxica por parte do equipo directivo, podemos afirmar que os vínculos positivos entre o alumnado-traballador

Escolas abertas

Escolas alertas

aumenta en grande maneira grazas a instrumentos como as habilidades sociais, a comunicación activa, a regulación pausada dos conflitos, o diálogo e a negociación e o costume de amosar e defender a pluralidade e a integración, así como o dereito á diferenza como elemento vertebrador das relacións entre as persoas sen perder nunca de vista, evidentemente, o regulamento de réxime interno do obradoiro baseado na lexislación vixente no Estatuto dos Traballadores.

Pensamos que a comunicación positiva e activa aumenta en grande maneira o sentimento de eficacia e eficiencia e a autoestima persoal e mesmo profesional, aumentando, por ende, a sensación de pertenza ao grupo. Si, derivada desta sensación altamente positiva, chegamos a sentir pertenza á comunidade estamos xerando un sentimento de vínculo e lazo cívico que se basea nas seguintes características:

- Autonomía persoal.
- Conciencia de dereitos e deberes que deben ser cumpridos e respectados.
- Sentimento de vínculo cos cidadáns e os proxectos da comunidade.
- Participación responsable no desenvolvemento das obras a levar a cabo.
- Sentimento de vínculo con calquera ser humano para crear a nosa "aldea global".

Non debemos deixar de remarcar a importancia das actitudes do equipo directivo para que en ningún momento se deixen de acadar os obxectivos laborais marcados dentro do período de vixencia do contrato laboral cara a consecución dos obxectivos para os que foron contratados. O seu comportamento exemplarizante e o liderado positivo que transmiten impregnan practicamente as xornadas laborais dun ambiente que facilita a comunicación e a regulación non dramática dos posibles e cotiás conflitos. Todo isto

non deixa de formar parte da formación complementaria que os/as alumnos/as deben recibir como futuros e futuras traballadores e traballadoras.

Para constituír esta rede social debemos xerar confianza e cooperación tentando explicitar as diferenzas e acentuando as coincidencias co apoio das normas básicas do OE como fío conductor.

Por todo isto, non nos queda máis que remarcar que todo o mundo, incluído o micromundo dos obradoiros, necesita unhas sinais de identidade que brotan de diferentes xeitos e por iso podemos dicir que:

1. O exercicio de cidadanía é crucial para o desenvolvemento da madurez moral do individuo porque a participación na comunidade destrúe a inercia e a consideración do ben común alimenta o altruísmo.
2. A cidadanía permite suavizar os conflitos que poden xurdir entre os que profesan distintas ideoloxías porque axuda a cultivar a virtude política da conciliación responsable dos intereses en conflito.

A convivencia responde a un principio de eficacia posto que está directamente ligada ao rendemento, á eficacia e á eficiencia. Esta idea está perfectamente reforzada cando se trata de mellorar, como acontece claramente neste tipo de programas, a "calidade de vida colectiva" e non só satisfacer os intereses particulares dos individuos. A estas alturas ninguén dubida de que a maior parte dos problemas do noso tempo non teñen unha solución illada e que debemos "pensar globalmente" para "actuar localmente" para buscar respostas integrais que promovan cambios e transformacións profundas.

Por último, defendemos que este tipo de programas acadan obxectivos xa que fortalecen as relacións veciñais e humanas e que implican unha potenciación do rendemento e unha optimización dos esforzos que se traduce nun maior resultado na consecución das obras que son os fins para os que os/as alumnos/as traballadores/as están contratados laboralmente.



Obradoiro de Emprego
'A Lama II'

A rehabilitación da canteira do Alto da Lapa en Paredes

Daniel Paz Antón

Director do Obradoiro de Emprego "Monte das Lapas"

O Obradoiro de Emprego Monte das Lapas que está a promover o concello de Vilaboa está inmerso na rehabilitación da canteira do Alto da Lapa, no lugar de Paredes, correspondente á parroquia de Vilaboa, con tres módulos: carpintaría, construción e medio ambiente - forestal, de 12 traballadores cadanseu.

Unha das actividades que nestes intres máis está afectando á integridade dos valores paisaxísticos e naturais da xeografía galega é a extracción de rochas e minerais a ceo aberto.

A demanda de materiais para a construción, creación de infraestruturas e ornamentación, incrementouse notablemente nos derradeiros anos, engadindo un factor máis de preocupación xa que as explotacións mineiras a ceo aberto xeran case as tres cuartas partes de todos os residuos industriais que se producen en España, segundo unha enquisa do INE do ano 2000.

Este incremento dos residuos mineiros, non son senón o fiel reflexo do desenvolvemento das actividades extractivas, que termina por provocar unha presión practicamente insostible á que se ven sometidas numerosas áreas de incuestionables valores naturais, paisaxísticos e culturais, como resultado da crecente demanda dos materiais para cubri-las necesidades dos distintos sectores. Esta demanda rematou xerando danos máis que considerables, que se agravan polo incumprimento xeneralizado das normas legais existentes ao respecto e pola, en moitos casos, manifesta descoordinación existente entre os organismos competentes

na regulación e control das actividades mineiras e industriais, en medio ambiente e conservación da natureza, e en disciplina urbanística e do solo.

Os efectos da actividade mineira a ceo aberto sobre a morfoloxía do terreo é o impacto máis negativo das canteiras pero non o único. Ademais da destrución da superficie fértil do solo e da penosa imaxe resultante da explotación, poden quedar afectados acuíferos e canais ou cursos de auga do lugar, que poderían ter consecuencias ambientais colaterais como retencións e acumulación de augas pluviais, ou a interrupción da irrigación subterránea a ecosistemas particulares, cos correspondentes efectos na fauna e flora instalados neles, especialmente si existen plantas autóctonas e escasas.

As solucións para diminuír os custos ambientais pasa pola extracción selectiva dos materiais, o deseño das redes de drenaxe e revexetación do terreo, coidando no posible da estética orixinal.

A rehabilitación dos solos trala explotación mineira ao descuberto normalmente consiste no recheo das gabias que foron abertas para extraer o material. Este recheo prodúcese xeralmente co propio refugallo obtido. Posteriormente prodúcese o acondicionamento da superficie e repoboado de especies.



*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Monte das Lapas'*

Escolas abertas

Escolas alertas

En calquera caso hai que ter en conta que procurar a restauración total dunha superficie alterada por unha explotación mineira de superficie é unha quimera, pois, aínda que o espazo puidera recupera-lo perfil orixinal do terreo, obxectivo moi difícil de acadar, a perda do hábitat para as especies que o ocupaban orixinalmente é irreparable. Nin sequera coa reintrodución de especies, que suporía un custo dificilmente sostible, se garantiría a recuperación do mesmo.

Polo tanto, ao menos de momento, a única alternativa viable é de carácter compensatorio, substituíndo a restauración da zona afectada por unha rehabilitación da mesma, procurando que o solo adquira as propiedades mínimas para albergar vida animal e vexetal. Desta forma, aínda sen reproducir o ambiente primitivo, dispónse dun novo hábitat que, en calquera caso, dotará de máis oportunidades aos posibles hóspedes que as que tivese, se fora abandonada a explotación sen proceder a ningún tipo de acción rehabilitadora.

Aínda que as empresas que desenvolven actividades de minería a ceo aberto están obrigadas por lei a rehabilitar os solos trala explotación, nalgúns casos e debido o tipo de explotación, o oco aberto no terreo

non se pode reencher con refugallo por que todo o material extraído foi empregado con fins comerciais. Nestes casos é frecuente habilitar este espazo como vertedoiro provisional so para materiais inertes, é dicir, escombros procedentes de derribos (ladrillo, tella, bloques de cemento...), desmontes e destellos (terra, area, pedra...), etc. Esta operación, alomenos, evita

que os materiais xerados na construción, apertura de estradas e outras moitas actividades terminen en vertedoiros incontrolados, compensándose así, en parte, o dano causado pola explotación mineira. Tralo recheo, procédese de xeito habitual, acondicionan-

do o solo e repoboando segundo a técnica que máis conveña ao caso.

E nesa estamos precisamente, co Obradoiro de Emprego Monte das Lapas, tratando de rehabilitar integralmente un espazo pertencente a unha antiga explotación de granito, cunha superficie superior as 5 Ha., onde os explotadores da mesma fóronse sen adoptar ningunha obra de recuperación.

A canteira do Alto da Lapa deixouse en estado de abandono, a ceo aberto, dedicándose noutros tempos á extracción de granito, creándose para elo un sistema de plataformas e socacos.

O obxectivo fundamental do proxecto de rehabilitación desta canteira consiste nunha intervención compensatoria tendente a ofrecer aos veciños e visitantes un lugar de lecer e de goce da natureza.

Trátase polo tanto da restauración do uso deste espazo, recuperando a superficie vexetal do solo coa plantación de diversas especies, potenciando unha lagoa que se formou no centro para uso e goce de especies de aves acuáticas e de fauna e flora acuática en xeral. Igualmente preténdese habilitar un miradoiro no cumio da canteira para gozar da impresionante panorámica da Ría de Vigo. Todas estas intervencións están en fase de execución de xeito que ao remate do Obradoiro de Emprego Monte das Lapas, estarán totalmente executadas.

Dende o punto de vista da repercusión social que está tendo esta intervención, teño que dicir que é moi gratificante e agradecido constatar o nivel de satisfacción dos veciños, que están a ver como un espazo inicialmente abrupto e abandonado estase a converter nun lugar de ocio e de recreo en plena natureza, san e seguro.

A execución deste proxecto tamén nos serviu a nos para poder desenvolver todo o programa formativo e de obra que viña contemplado no proxecto e que estou seguro que para aqueles que queiran servirlle para acadar un emprego no seu futuro.

Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Monte das Lapas'



Os proxectos de obradoiro de emprego como programas de formación de especialistas na loita contra os incendios

O punto de vista do alumnado da especialidade de Xardinaría-Medio Ambiente e Forestal dos Obradoiros de Emprego "Camiño de Santiago" de Valga e "As Neves"

Obravedora



*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego de
'As Neves' no día da Árbore*

Para coñecer a opinión sobre a situación que está a vivir Galicia en relación aos incendios forestais, o director do obradoiro de emprego "Camiño de Santiago" de Valga, José Luís Marchetto García, e a directora do obradoiro de emprego "As Neves", Beatriz Esteban Aguirre, formularon unha serie de preguntas o alumnado destes proxectos co obxectivo de iniciar un debate sobre o tema. As respostas foron realizadas en conxunto polo alumnado de cada obradoiro, amosando, de seguido, o resultado das mesmas.

Os incendios forestais son unha lacra que

a sociedade actual non é capaz de atallar e que xera graves problemas medioambientais a curto e medio prazo e que, sen unha solución rápida e axeitada, poden levar a perda dos principais ecosistemas, valores naturais e especies do mundo. Consecuencias directas dos incendios forestais, ademais da queima de centos de hectáreas de vexetación, son o empobrecemento do solo, a difícil rexeneración forestal así como a contaminación atmosférica que provoca o fume emitido por un incendio, a perda da capacidade de retención de auga e o quecemento do clima.

Obravedora

*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Camión de Santiago'*

O proceso que vai xerando un incendio forestal tras a súa extinción amosa unha serie de consecuencias encadeadas que derivan unhas das outras. A alta temperatura dun incendio provoca a combustión da materia orgánica do monte. A pesares de que tras un incendio se presenta unha certa fertilidade, aínda que moi curta, debido á aparición de nutrientes como o Potasio o Fósforo ou o Calcio, a desaparición da materia orgánica supón a perda da capacidade de retención de auga, producíndose o arrastre das capas superficiais deste e a conseguinte erosión. Esta falta de humidade provoca a sequidade do terreo desencadeando unha perda irreversible da súa capacidade de autorrexeneración. Rómpease así o chamado "equilibrio biolóxico" coa desaparición de microorganismos e a esterilización temporal do solo. Ademais, provoca a morte e destrución de toda a cuberta vexetal, a fuxida dos animais que conseguen saír con vida das lapas, a perda da microfauna (microorganismos), a perda do hábitat natural dos animais e plantas, as emisións de xofre e monóxido e dióxido de carbono, o incremento do efecto invernadoiro e o quecemento global do clima, así como a perda de algunhas vidas humanas. A isto haberá que engadirle a proliferación de "especies pirófitas" (que favorecen a propagación do lume), como os eucaliptos e os piñeiros e que son as únicas favorecidas tras o incendio, xa que son as primeiras en estender o seu territorio antes que as outras especies.

Como se pode apreciar, o problema dos incendios forestais non remata unha vez se consiga controlar e apagar un deles, senón que ten consecuencias que poden prexudicar o noso benestar durante o resto da nosa



vida. Para paliar as consecuencias dos mesmos é necesario formar a xente neste campo, tal e como se está a facer con algunhas especialidades que se imparten nas Escolas ou Obradoiros. Neste caso é o alumnado do O.E. "Camión de Santiago" e o O.E. "As Neves", pero podería ser o de calquera outra Escola ou Obradoiro no que se imparta esta especialidade.

Dirección: ¿Credes que a formación teórica práctica que recibes vos capacita para que vos dediqueis profesionalmente a actividades relacionadas co medio ambiente?

Resposta O.E. Camión de Santiago: Si.

Resposta O.E. As Neves: Por suposto, ao longo de todo un ano, non só adquirimos un montón de coñecementos teóricos sobre mantemento e limpeza de montes, actividades de repoboación e reforestación, vixilancia e control de espazos naturais, prevención e extinción de incendios, normativa medioambiental, prevención de riscos no monte, etc., senón que estes coñecementos se aplican día a día no traballo nun proxecto concreto (no noso caso o acondicionamento dun Sendeiro de Pescadores).

Dirección: ¿O tipo de formación teórica e práctica que recibides se axusta ao que agardabades? ¿Que destacaríades como positivo e como negativo?

O.E. Camiño de Santiago: Si. Como positivo o traballo en equipo, o limpo e bonito que queda o entorno e o agradecemento por parte dos veciños. Como negativo o lixo que atopamos polos camiños e o abandono do contorno.

As Neves: Todos facíámonos unha idea do que podía ser, e moitos destes traballos, ao vivir en zona rural, xa os realizábamos, pero moitas veces o facíamos mal ou sen respectar as medidas de seguridade e hixiene adecuadas. Por outro lado, aprendemos cousas novas para nos, como por exemplo: técnicas de desbroce e de corte coa motoserpa, técnicas de repoboación forestal novas, ou como realizar as operacións necesarias para a prevención e extinción de incendios forestais. Tamén aprendemos moito sobre temas relacionados coa Educación Ambiental (aforro enerxético, esgotamento dos recursos naturais e problemática medioambiental en xeral).

Unha das partes que máis nos gustou foi concretamente a das pragas e os seus tratamentos.

Como negativo non poderíamos dicir

O alumnado ve positivo o traballo en equipo e o agradecemento dos veciños

gran cousa, ben, si que nos gustaría que o Obradoiro durara máis tempo

Dirección: Tendo en conta a problemática dos incendios forestais en Galicia, ¿recibides algunha formación sobre este tema no obradoiro?

O.E. Camiño de Santiago: Non especificamente, algo por enriba sen afondar.

As Neves: Temos un módulo de 167 horas dedicado á Prevención e extinción de Incendios forestais onde profundizamos sobre a súa problemática, causalidade, e factores que interveñen, así como as medidas de prevención e as actuacións es caso de incendio.

Así mesmo, asistimos a unha queima controlada realizada por profesionais da prevención e temos pendente a realización dunha visita á Base helitransportada de Queimadelos.

Obradoiro



Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Camiño de Santiago'

Alumno-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Camiño de Santiago'



Dirección: ¿Considerades que a especialidade na que vos estades formando pode contribuír á redución dos mesmos?

O.E. Camiño de Santiago: Si, no referente a limpeza de matogueira e monte baixo.

As Neves: Por suposto, porque ademais dese módulo concreto, ao longo do obradoiro recibimos formación e levamos a cabo desbroces en masas forestais, podas e clareos selectivos, aproveitamentos e repoboacións forestais, etc. actividades que contribúen a manter limpo o monte formando parte dos posibles tratamentos preventivos de incendios.

Dirección: ¿Que actividades profesionais poderíades realizar en relación á prevención-extinción de incendios forestais cando remate o programa?

O.E. Camiño de Santiago: Limpeza e queima controlada das matogueiras, poda de árbores e recollida de vertidos incontrolados.

As Neves: Pois, poderíamos dedicarnos á limpeza e mantemento dos montes realizando desbroces, clareos, talas selectivas, etc., que dificultan a xeración dos incendios e facilitan a penetración do monte en caso de producirse.

Por outra banda, cos coñecementos adquiridos no obradoiro, tamén poderíamos dedicarnos a labores de vixilancia de montes, a propia extinción ou actividades rela-

cionadas coa rexeneración de zonas queimadas.

Dirección: ¿Considerades que este campo, de prevención e control dos incendios forestais, como unha saída con gran demanda ou non? ¿Por que?

O.E. Camiño de Santiago: Si porque cada vez temos que controlar e coidar máis os nosos montes.

As Neves: Hai demanda, pero non a suficiente. A loita contra incendios enfocouse demasiado cara a extinción deixando de lado a prevención. Nos cremos que as institucións deberían invertir máis no eido da prevención a todos os niveis: maior limpeza dos montes, sensibilización da cidadanía, investigación das causas e causantes, aplicación da lexislación, etc. o cal repercutiría no aumento da demanda de traballadores que, como nos, estamos preparados para tal fin.

Dirección: ¿Que medidas considerades oportunas para reducir o número de incendios forestais?

O.E. Camiño de Santiago: Moita limpeza e vixilancia, antes de que "o monte estea ardendo".

As Neves: Ademais de todas as labores xa comentadas de limpeza e mantemento dos montes, cremos que se debería investigar máis sobre as causas dos incendios e endurecer as penas no caso dos pirómanos. Así mesmo, cambiar as leis para que os posibles incendiarios non obteñan ningún beneficio económico, e que a venta da madeira queimada se inverta na reforestación do ecosistema incendiado.

Por outra banda, e tendo en conta que unha porcentaxe moi alta dos incendios se produce por negligencia, cremos que se deberían realizar campañas educativas para concienciar e sensibilizar ante o lume a todo tipo de cidadáns: dende o que vai ao monte a almorzar e tira unha cabicha ou deixa restos de lixo que poden provocar un incendio, ata o agricultor, gandeiro ou traballador forestal que non fai como debera o seu traballo.



*Alumno-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Camiño de Santiago'*

Dirección: ¿Gustaríavos traballar profesionalmente nesta actividade cando rematedes o programa?

O.E. Camiño de Santiago: Si, porque aspiramos a conservar a nosa Galicia verde para tela igual a como a tiñan os nosos antepasados.

As Neves: Si, pero somos conscientes da precariedade laboral do sector. Nos gustaría que se reducira a temporalidade deste tipo de posto, e se mellorasen en xeral as condicións de traballo.

Dirección: ¿Tedes algún proxecto en mente para cando rematedes a formación? ¿Tes realizado algún tipo contacto, buscado información?

O.E. Camiño de Santiago: Si. Gustaríanos formar un grupo de limpeza e desboco para seguir limpando o noso concello, xa que é do rural, e ten moita extensión, e necesita unha cuadrilla para telo en condicións.

As Neves: Precisamente estamos entrando na recta final da nosa estancia no obradoiro, e estamos xa mirando ao futuro tras

Tamén estamos atentos á prensa ou a calquera posible fonte de emprego que nos facilite a nosa incorporación ao mundo laboral.

**“Gustaríanos
continuar
traballando nesta
actividade, formar
un grupo de
limpeza e
desboco para o
noso concello, xa
que é do rural, ten
moita extensión, e
necesita unha
cuadrilla para telo
en condicións”**

Obravedolra



Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'Camiño de Santiago'

Dirección: ¿Queredes facer algún outro comentario?

O.E. Camiño de Santiago: É importante buscar bos profesionais que impartan unha boa formación.

As Neves: Queremos comentar tamén, que se deberían fomentar iniciativas de aproveitamento da biomasa, como pode ser a Central de Coxeneración de Allariz (ALLARLUZ, S.A), que empregando como combustible os subprodutos forestais procedentes da limpeza do monte, produce enerxía eléctrica e calor, a venda da cal sería empregada en diferentes procesos industriais do Polígono Empresarial Municipal, co conseguinte aforro enerxético e abaratamento do proceso produtivo.

Como ben contan eles, a formación teórica e práctica que reciben, máis os da especialidade de forestais que os de xardiñaría e medio ambiente, permítelles loitar contra os incendios forestais non só na súa extinción senón tamén na súa prevención. É precisamente no campo da prevención onde os alumnos fan máis fincapé, proponendo para o mesmo accións que van dende a limpeza dos montes (con desbroces, clareos ou talas selectivas), ata campañas de vixilancia, investigación das causas, realización de campañas educativas e

sensibilización das xentes para reducir as negligencias. Accións para as que afirman se atopan capacitados. Así mesmo, a ilusión e o gusto que amosan cara este oficio así como para a

conservación da natureza fan que moitos deles comezaran a busca de emprego pola súa conta ou mesmo estean pensando en formar un grupo de traballo a nivel municipal, ante a evidencia da necesidade de profesionais neste sector e a pesares da temporalidade que amosa o mercado laboral nesta especialidade, cousa que o alumnado ve como algo negativo e que pode reducir as súas expectativas á hora de atopar un emprego.

A formación
teórica e práctica
que reciben os
alumnos
permítelles loitar
contra os
incendios forestais
non só na súa
extinción senón
tamén na súa
prevención

A formación conxunta en oficios diferentes para aumentar as posibilidades de inserción no mundo laboral

A opinión do alumnado traballador da Escola Obradoiro "A Xuventude V" de Cambados e do Obradoiro de Emprego "A Xunqueira" de Vilagarcía de Arousa

Unha das especialidades que habitualmente conforman un proxecto de escola ou obradoiro, na nosa provincia, é a denominada "fontanería-electricidade" ou tamén "instalacións". Trátase de dous oficios que, se temos en conta o catálogo de especialidades ocupacionais, pertencen a distintas familias profesionais: fontanería a "edificación e obras públicas", mentres que electricidade a "montaxe e instalación"; e cunhas unidades de competencia específicas que implican un oco no mercado laboral diferenciado.



*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'A Xunqueira'*

Nestes senso, dende a Unidade de Promoción e Desenvolvemento quíxose coñecer a opinión do alumnado traballador, de dous dos proxectos que actualmente están en activo na provincia de Pontevedra e que se están a formar nesta especialidade, respecto ao feito de que ambos oficios se impartan de forma conxunta. En concreto, contactouse coas persoas que ocupan a

dirección da Escola Obradoiro "A Xuventude V" de Cambados e a do Obradoiro de Emprego "A Xunqueira" de Vilagarcía de Arousa, Enrique Ferreiro Gómez e Rafael Pérez Castuera, que se encargaron de formular ás preguntas ao alumnado da especialidade de Fontanería e Electricidade. As preguntas e respostas aparecen recollidas a continuación.

Obradoiro

Directores: ¿Qué pensades de que as especialidades de fontanería e electricidade se impartan conxuntamente? ¿Credes que son complementarias ou deberían impartirse de forma separada?

A Xuventude V: O Alumnado traballador entrevistado ve de maneira positiva o feito de xuntar as dúas especialidades, ademais de facer referencia ao condicionante do escaso tempo: "Creo que é positivo, desta maneira os coñecementos son máis amplos e podemos ter máis posibilidades de obter emprego, aínda que cada vez as empresas están demandando especialistas, e o tempo de duración dunha escola é moi limitado".

A Xunqueira: Neste caso tamén a maioría das respostas estaban de acordo con que as especialidades se impartan conxuntamente, algunhas delas foron: "Pensamos que son dúas ramas complementarias polo que me parece ben que se impartan de maneira conxunta"; "Permiten ao alumno abarcar máis coñecementos para o mercado laboral"; "Ofrécenos un amplo abano de saídas profesionais". Unicamente dous dos oito alumnos que contestaron sinalan algúns inconvenientes, centrándose na sobrecarga teórica e práctica para o escaso tempo que dura o programa: "...Pero ten o inconveniente dunha sobrecarga tanto teórica como práctica"; "É moita materia para pouco tempo. Eu creo que deberían darse por separado".

Directores: ¿O tipo de formación teórica e práctica que recibes se axusta ao que agardabas? ¿Qué destacarías como positivo e como negativo?

A Xuventude V: A totalidade do alumnado traballador entrevistado no caso da EO de Cambados, manifesta estar recibindo a

O alumnado do Obradoiro de 'A Xunqueira' pensa que a impartición conxunta das especialidades de fontanería e electricidade lles permite abarcar maior número de coñecementos para traballar

formación agardada, aínda que volve mencionar como aspecto negativo o pouco tempo de aprendizaxe establecido para tal cantidade de formación: "En liñas xerais si, aínda que o límite do tempo fainos asimilar demasiados conceptos en pouco tempo". "Como positivo destacaría a experiencia práctica que estou adquirindo o que fai que a aprendizaxe sexa máis doada". Non se sinalaron aspectos negativos relacionados coa formación.

A Xunqueira: Todo o alumnado do OE de Vilagarcía de Arousa, agás un, pensan que a formación se axusta ó que eles agardaban. Consideran positivo a "práctica de ambas especialidades", "a contratación de persoas en paro para o obradoiro", "a experiencia adquirida" e que "...desde o principio da escola temos prácticas de fontanería e electricidade". Como negativo resaltan: o "pouco tempo para desenvolver ambas especialidades ao mesmo tempo", "...moita teoría para pouco tempo" e "...non poder rematar as obras de Matosinhos".

Directores: ¿A formación que recibes se axusta ás necesidades do mercado de traballo?



*Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'A Xunqueira'*

des do mercado de traballo".

Directores: ¿Crees que coa realización deste programa se chegan a cubrir as demandas existentes no mercado de traballo destes oficios ou é necesario mais persoas formadas nesta especialidade para cubrir a demanda?

A Xuventude V: Neste caso, responden que non se está a cubrir toda a demanda de profesionais e que será difícil facelo sen unha especialización axeitada, xa que a formación que reciben no OE é moi básica e xeral: "Considero que non, a formación regrada que se imparte nos ciclos formativos profesionais é unha formación teórica mais ampla, aquí nestes programas de emprego formación recibimos mais prácticas, e aprendemos mais apresa. Pensamos que cada día demándanse máis profesionais neste campo, pero hai que ser un grande profesional para poder competir".

A Xunqueira: De todo o alumnado, seis consideran que para cubrir a demanda deste tipo de profesionais é necesario recibir "...mais cursiños e máis preparación..."; E consideran que "...é necesario que se sigan formando futuros traballadores..." Os outros dous descoñecen cales son as necesidades do mercado.

Directores: ¿Profesionalmente, gustaría- che traballar nestas actividades cando remates o programa?

A Xuventude V: A gran maioría resposta que si, que son profesións que teñen futuro e que poden ser unha forma de traballar. Require estar o día e traballar moito, pero que permite evolucionar, desenvolver novos coñecementos e ser creativo.

A Xuventude V: O alumnado responde positivamente á pregunta e un deles fai referencia á necesidade da formación permanente dos traballadores para adaptarse ás necesidades cambiantes do mercado de traballo: "Considero que si, aínda que somos conscientes de que o mercado de traballo cada vez é máis competitivo, e a técnica avanza demasiado de presa e supón un gran esforzo diario, hoxe falase de aprendizaxe o longo da vida e pensamos que e así".

A Xunqueira: A maioría das persoas entrevistadas pensa que si aínda que algunhas sinalan como inconveniente a falla de tempo para adquirir os coñecementos necesarios para estar preparado segundo o require mercado de traballo: "Axustase medianamente. Saimos cunha aprendizaxe só básica para afrontar o mercado laboral", "Penso que si, aínda que moitos dos materiais actuais non chegaremos a utilizalos nin coñecelos pola falla de tempo"; "O tempo de impartición é limitado e sobre unha obra establecida, o que fai que a formación teórica e as prácticas vaian encamiñadas as necesidades da obra a realizar. Aínda así, cóbrese unha parte ampla das necesida-

Obravedora

Alumnado-traballador do
Obradoiro de Emprego
'A Xunqueira'

A Xunqueira:

De xeito similar ó que aconteceu en Cambados, o alumnado de Vilagarcía de Arousa, resposta afirmativamente, xa que consideran que a saída laboral destas especialidades é interesante: "Si, as miñas expectativas son continuar coa rama de electricidade e fontanería xa que para min é unha saída laboral que está moi demandada".

Mención aparte merece unha alumna que fixo referenciación de sexo nun traballo tradicionalmente masculino: "Si, aínda que todo depende de que os empresarios estean interesados de contratar a alumnos da EO sen facer distinción de sexo".

Directores: ¿Tes algún proxecto en mente para cando remates a formación? ¿Tes realizado algún tipo contacto, buscando información?

A Xuventude V: O alumando xa está a facer contactos con



empresas e o seu principal punto de asesoramento céntrase nos compañeiros que xa están a traballar: "Si, moitos de nos xa fixemos algún contacto con algunha empresa local e creo que temos posibilidades de traballar. Algúns dos compañeiros xa están a traballar pola tarde en empresas do sector e isto permítenos intercambiar impresións da forma de traballar na empresa".

A Xunqueira: Dous dos alumnos non teñen nada pensado para cando remate o programa, mentres que do resto, a alumna ten pensado crear a súa propia empresa e o resto manifesta a súa vontade de buscar traballo nalgunha empresa. Sobre a pregunta de si xa fixeron algún contacto ou busca de saídas, todas as persoas entrevistadas a excepción dunha, sinalan que xa comezaron a sondaxe do mercado para buscar un emprego: "Teño buscado en xornais e en Internet ofertas, tanto de fontaneiro como de electricista, e a miña idea é seguir traballando nalgunha das dúas profesións".

O alumnado do
Obradoiro de
Emprego de
'A Xuventude V'
pensa que os
programas de
Obradoiros e
Escolas deberían
de estar máis
divulgados e ter
unha continuidade

O alumando
traballador do
Obradoiro de
Emprego de 'A
Xuventude V' de
Cambados xa
está a facer
contactos con
empresas e o seu
principal punto de
asesoramento
céntrase nos
compañeiros que
xa están a
traballar. Algúns
xa traballan polas
tardes en
empresas do
sector

Directores: ¿Queredes facer algún outro comentario?

A Xuventude V: O alumnado traballador entrevistado engade comentarios relacionados coa divulgación e a orientación cara a mocidade: "Gustaríame que estes programas estivesen mais divulgados. Moitos dos que estamos aquí estamos por casualidade. Deberían ter unha continuidade no tempo, pois é unha alternativa para moitos xoves que as veces se nos cerran as portas en moitos lugares".

A Xunqueira: O alumnado traballador volve a sinalar a necesidade de dedicar máis tempos a este tipo de programas e, ademais destacamos un comentario que ten que ver coa necesidade de conectalos co mundo laboral: "Penso que a orientación

laboral nos debería axudar a contactar con empresas do sector e utilizar o coñecemento sobre o mercado laboral para guiarnos na busca de emprego e non agardar ata o último mes, xa que o saír de aquí, deberíamos seguir traballando". Outro dos comentarios refírese a necesidade de ampliar a outras especialidades este tipo de programas: "Os obradoiros de emprego parécenme unha boa idea para empregar".

As respostas recollidas no OE de A Xunqueira de Cambados e no EO A Xuventude de Vilagarcía de Arousa, son similares en canto a idoneidade de incluír unha especialidade denominada Fontanería e Electricidade, a priori, dous oficios que deberían ser impartidos independentemente. En xeral, o inconveniente mais salientable e que aparece constantemente nos comentarios dos participantes en ambos programas, é a escaseza de tempo da formación, o que supón para eles unha sobrecarga teórica e práctica.

En xeral, e a pesar de que os proxectos participantes neste artigo están dirixidos a grupos de persoas con idades diferentes, un para alumando de ata 25 anos e o outro a persoas de mais de 25, as súas respostas nos distintos aspectos tratados, non presentan diferenzas significativas.

E interesante sinalar que para quen participa nestes EO e OE é importante o feito de que este tipo de programas incidan na necesidade de conectar ao alumnado co mundo laboral, incidindo no coñecemento de recursos e no fortalecemento das habilidades para moverse con eficacia no mesmo.

Obravedora

Conciencia ecolóxica e arquitectura

Susana Rivadulla López

*Arquitecta da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo*

Apuntamentos



*Cuberta axardinada
ecolóxica en Noruega*

Cada día a sociedade é máis consciente de que os avances tecnolóxicos conquistados ata o momento e o desenvolvemento económico expansivo no que estamos inmersos, supoñen moitos beneficios para a sociedade ao tempo que exceden a capacidade de carga do medio natural. E dada a fragilidade do medio ambiente, púxose de manifesto a necesidade de adoptar unha actitude conservadora e protectora do mesmo.

Un dos ámbitos nos que esta toma de conciencia se percibe de xeito máis patente é no mundo da arquitectura e o urbanismo, onde cada día máis se procura que a interacción entre a intervención humana e o medio natural no que se insire sexa o máis

harmoniosa posible, ao tempo que da resposta ás demandas do home.

Na arquitectura e na construción comézase a dar resposta a estas cuestións mediante o que se ven denominando **ARQUITECTURA ECOLÓXICA**, coa que se tenta acadar unha arquitectura respectuosa co entorno e coas demandas de confortabilidade do home, pensando nos edificios como seres vivos que interaccionan nun ecosistema.

Os factores que se deben ter en consideración nunha construción ecolóxica, dende a fase de redacción do proxecto, á de execución da obra e durante a propia vida do edificio, son:

■ o ecosistema no que se asenta, que comprende tanto á topografía, como ao medio vivo e ao clima. Unha arquitectura ecolóxica debe integrarse dentro dun ecosistema sostible a varios niveis: tanto na planificación urbanística do asentamento, como na composición do edificio, ... Debe propoñer solucións acordes co clima, que non destrúan os hábitats do contorno e que non potencien a desertización, que aproveiten as condicións naturais do contorno e empreguen os espazos verdes para contrarrestar a contaminación atmosférica e acústica, sen destruír o solo cultivable. Deste xeito podemos satisfacer as demandas dos seus ocupantes ao tempo que evitamos os impactos ambientais que degradan o territorio.

■ os sistemas enerxéticos que emprega. Intégranse aquí os conceptos de bioclimatismo e de enerxías non convencionais como formas de entender a arquitectura segundo as que debe ser a mesma arquitectura a que debe satisfacer por si mesma as necesidades térmicas demandadas polos seus ocupantes: a construción debe aproveitar a súa orientación espacial, os materiais, a organización dos seus espazos e sistemas enerxéticos menos contaminantes para resolver de xeito autónomo as súas necesidades: a produción de auga quente e de enerxía eléctrica pode resolverse mediante o emprego de paneis solares, o consumo de auga pode reducirse mediante o emprego de billas temporizadas ou automáticas, o consumo de enerxía eléctrica pode reducirse mediante o emprego de electrodomésticos de baixo consumo, podemos reducir o uso do sistema de calefacción buscando a orientación solar máis adecuada,...

■ os materiais de construción. Por agora non existe unha normativa legal sobre arquitectura ecolóxica e materiais de construción a empregar, aínda que si podemos falar de criterios medioambientais ou enerxéticos que nos poden axudar á hora de elixir uns materiais ou outros.

Para determinar a adecuación medioambiental dos materiais, é necesario facer

un seguimento de cada un deles: determinar as materias primas das que se parte, as interaccións que se desenvolven co medio ambiente durante os seus procesos de elaboración, as consecuencias medioambientais cando se converten en residuo e sobre todo, a accesibilidade aos mesmos considerando a enerxía e os procesos contaminantes que leva asociado o transporte de materiais dende lugares afastados.

Nos últimos anos asistimos á xeneralización no uso de novos materiais. Moitas das innovacións foron útiles para resolver problemas constructivos de illamento, impermeabilización, ... , con materiais que cumprían coas esixencias anteriores. Pero un dos problemas existentes hoxe en día é o emprego de produtos tóxicos, que despiden ao ambiente elementos nocivos para o ser humano. E dada a pouca experiencia no emprego dos materiais máis innovadores, non podemos asegurar que moitos deles non teñan efectos ambientais negativos.

■ a mobilidade ligada coa accesibilidade. Os desprazamentos que necesitan sistemas de transporte pouco sostibles son responsables do aumento das emisións de CO₂, o principal gas causante do efecto invernadoiro. E necesario promover unha arquitectura ecolóxica ligada a unha mobili-

**A produción de
auga quente e de
enerxía eléctrica
pode resolverse
mediante o uso
de paneis solares**

dade sostible: que precise formas de transporte pouco contaminantes e co mínimo custo enerxético, eliminando ruído e contaminación atmosférica, aportando saúde e calidade de vida e respectando ao medio ambiente e ao resto de cidadáns.

Apuntamentos

Apuntamentos

Maqueta de edificio
exemplo de arquitectura
ecolóxica



Para isto é necesario planificar de xeito que se facilite a mobilidade (non edificando en lugares afastados e inco nexos coas redes de transporte, que implican a necesidade de transporte individual máis contaminante e menos sostible) e potenciar os modos de transporte mais ecolóxicos (dispoñendo a nivel local os servizos necesarios para a vida diaria, que permitan o emprego de sistemas de transporte non contaminantes, como son bicicletas, paseos, etc.)

Actualmente podemos ser optimistas dos logros acadados na loita contra os problemas ambientais máis destacados. Tanto a nivel social, onde a concienciación medioambiental vai dando os seus froitos individuais, como a nivel territorial, onde son evidentes os compromisos nacionais e internacionais coa problemática ecolóxica, co desenvolvemento sostible e coa conservación da biodiversidade.

Pero vemos tamén que, por enriba do esforzo individual, é necesario que os poderes públicos sigan esforzándose en poñer en práctica os seus compromisos, tanto na

sensibilización social como na regulación legal e na aplicación da normativa medioambiental, de cara a promover o desenvolvemento cara á sostibilidade:

- Sensibilización e formación: sobre prácticas e comportamentos respectuosos co medio natural, incidindo na educación ambiental como instrumento fundamental para potenciar as actitudes que axuden a respectar o medio ambiente, a manter o equilibrio biolóxico e a conservar a biodiversidade. Formación que nos permita adaptar as nosas esixencias a todo o que compatibiliza a satisfacción das nosas demandas coa protección do entorno.

- Adopción de medidas legais: e por enriba diso, aplicación e cumprimento da normativa ambiental tanto para controlar, limitar e reducir as emisións contaminantes como para potenciar o emprego de sistemas de produción enerxética máis ecolóxicos (enerxías renovables) e para a adoptar todas as medidas que nos permitan avanzar cara á sostibilidade.

E no tema que nos interesa, medidas centradas sobre todo en estimular, regular e controlar o desenvolvemento de actividades construtivas que resolvan as necesidades humanas de xeito acorde coas necesidades dos ecosistemas nos que se insire e coa fragilidade medioambiental, permitíndonos a todos contribuír a perpetua natureza de cara ás xeracións futuras.

É necesario que os poderes públicos poñan en práctica os compromisos adquiridos, tanto na sensibilización social como na regulación legal

Desenvolvemento rural sustentábel e agroecoloxía

Daniel Vázquez Meréns

Economista e investigador en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía

O despoboamento do medio rural ven sendo unha tendencia común no mundo occidental que non obedeceu senón ao modelo desarrollista implantado coa industrialización e sectorización das economías. Tal modelo mantería entre os seus obxectivos a conversión da agricultura nun sector integrado nunha estrutura produtiva cada vez máis especializada para subministrar alimentación "barata" á sociedade. O "progreso" pasaba, entón, por unha transformación a fondo da agricultura a través da mecanización, que rebaixaría as necesidades de man de obra agraria (necesaria para traballar no tecido industrial), o uso de variedades de alto rendemento en monocultivo e o uso masivo de fertilizantes, fitosanitarios e agroquímicos en xeral. A introdución destes cambios, que constituían o eixo da chamada Revolución Verde, suporía unha tremenda e rápida transformación da agricultura galega en poucos anos - practicamente dende os anos 70 do século pasado -, baseada até o de entón na abundancia do traballo humano, o autoconsumo e o policultivo.

Tal transformación pódese comprobar no trunfo daquel anhelos de que cada vez existisen menos campesiños na nosa economía (símbolo, ao parecer, de "economías modernas"). Así, se en 1985 a poboación ocupada no sector agrario galego era de 415.100 persoas, en 2002 situábase en 108.900 persoas - un 15% do total da poboación ocupada, cando en 1950 supoñía un 60%. Isto sería observado como un grande éxito por moitos dos economistas convencionais - que observan unha perda de porcentaxe do emprego agrario en favor dou-

tros sectores como indicador de progreso.

Tal vez non contaban estes economistas con que a fulgurante caída no emprego agrario - motor natural das economías rurais - ía levar ao despoboamento progresivo dos pobos, con importantes movementos migratorios cara ao mundo urbano na procura de oportunidades laborais, sobre todo para a xente moza.

Foi para frear ou aplacar estas fugas masivas que se foron creando nestes últimos anos múltiples plans e programas de desenvolvemento rural financiados sobre todo con cargo a fondos europeos e desenvolvidos en moitas comarcas e concellos galegos, co obxectivo, ao menos en teoría, de fixar poboación no rural.

O "mar de plástico" de El Ejido (Almería), paradigma da agricultura intensiva no Estado español

Apuntamentos



Apuntamentos

Chama a atención, nembargante, que mentres cuestións como o turismo rural, a artesanía e a potenciación de profesións como a albanelería, cantería ou xardinería - a través de escolas obradoiro e obradoiros de emprego - ocupan unha posición central no concepto de "desenvolvemento rural" destes plans, non se lle preste igual atención á actividade que, como dicíamos, sempre foi o principal motor das economías rurais e cuxa transformación foi a causa do desmantelamento de tales economías. Falamos, por suposto, da agricultura.

Por que... é posíbel un desenvolvemento rural que se manteña indefinidamente no tempo - sexa sustentábel - sen agricultura? Pode alguén imaxinar o campo sen labregos?

Dende a agroecoloxía respondemos clara e contundentemente: NON. Todas estas actividades inzadas dende estes programas están moi ben se son acompañadas dunha reestruturación do sector agrario no rural, de feito que as primeiras sirvan de complemento ao segundo. O desenvolvemento rural sustentábel que propón a agroecoloxía basearase, polo tanto, na revitalización da agricultura como actividade principal do medio rural.

A agroecoloxía aposta, porén, por un modelo agrario oposto ao da Revolución Verde, ante as evidencias de que tal modelo ten provocado efectos perniciosos sobre a saúde dos ecosistemas e das persoas - o uso de agroquímicos produce prexuízos sobre o ambiente tales como a contaminación de solos e acuíferos, perdas de fertilidade, etc. así como unha alimentación pouco saudábel -. Tampouco ten sido, por outro lado e

Chama a atención que cuestións como o turismo rural ou a artesanía ocupen unha posición central no concepto de "desenvolvemento rural" e non se lle preste atención igual á agricultura

como xa comentamos, un modelo que fixe poboación no eido rural. A agricultura ecolóxica é unha alternativa moito máis interesante tanto a nivel ecolóxico como social no longo prazo.

A volta a uns modos de produción agrícolas máis respectuosos co ambiente e as persoas non vai ser, nembargante, unha tarefa doada, sobre todo por unha cuestión de mentalidade dos agricultores e consumidores e o apoio institucional a certas formas de agricultura en detrimento de outras. E é que o "espírito Revolución Verde" ten calado dun xeito moi forte na sociedade. A relativa facilidade de usar os paquetes tecnolóxicos asociados á produción de cada cultivo - insecticidas, sulfatos, herbicidas, fertilizantes, etc., toda unha gama de produtos especialmente deseñados para que calquera persoa, aínda sen apenas coñecementos sobre agricultura, os poida empregar con só obedecer ás instrucións dos seus respectivos prospectos - así como os enormes intereses das compañías transnacionais de agrotóxicos, fan que existan grandes resortes contrarios á readopción de pautas agrarias autosuficientes e integradas co seu entorno e cultura.

É aquí onde o ente público debe intervir. Dado o "interese xeral" evidenciado dende as administracións polo desenvolvemento rural, e as enormes partidas orzamentarias que se están a destinar para tal fin, semella lexítimo pedir que estes esforzos sirvan para unha consolidación no longo prazo de tal desenvolvemento: dirixir tódolos recursos que se están a mobilizar cara a que o desenvolvemento rural sexa sustentábel.

Sería moi interesante, para exemplificar do que falamos nun eido coma o desta publicación, que de igual xeito que se fai promoción de escolas obradoiro e obradoiros de emprego relacionados con outras profesións vinculadas ao rural, se dirixan este

tipo de iniciativas tamén cara á agricultura ecolóxica - actividade, a todas luces, totalmente acorde co concepto de desenvolvemento rural sustentábel -. Por que é necesario recuperar o saber tradicional que permitiu facer agricultura durante miles de anos e educar ou reeducar en base a isto ás xentes do rural que queren traballar e facer alí a súa vida.

O rural galego merece un futuro sustentábel, un futuro que pasa por prestixiar o oficio de agricultor e da condición social de labrego, así como pola revalorización do patrimonio cultural e natural herdado: a recuperación, en definitiva, dunha forma de vivir e producir en diálogo coa natureza.

Apuntamentos



"Horta ecolóxica". A combinación de cultivos é unha práctica recomendada na agricultura ecolóxica (horta da comarca da Mariña Luguesa)

Desenvolvemento sostible

Enrique Banet López de Rego
Presidente da Fundación Galicia Verde

Apuntamentos



A antiga escola de Lebos, que vai ser a sede do primeiro Centro da Fundación Galicia Verde

Segundo a ONU, podemos definir o desenvolvemento sostible como "o desenvolvemento que satisfaga as necesidades do presente sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras para atender as súas propias necesidades".

Sen perder de vista esta definición, imos botar unha ollada a unhas cifras. A primeira sería a evolución da poboación mundial, que pasou, en pouco máis de 500 anos (dende 1.500 a 2.005), de 150 millóns de habitantes a máis de 6.000 millóns. De seguir esta evolución, calcúlase que no ano 2.025 (é dicir, á volta da esquina) superaránse os 10.000 millóns de habitantes sobre o planeta terra.

A auga, o mesmo que outras materias imprescindibles para a vida, é **un elemento finito** (non hai máis da que hai). Sempre segundo datos da ONU, só temos acceso a

menos do 1% da auga doce. Tamén di a ONU que necesitamos un mínimo de 50 litros de auga por persoa e día (lavarse, cociñar, beber,...). As previsións indican que no ano 2.020 haberá 1/3 menos de auga por persoa.

En España consumimos uns 280 litros por persoa e día, mentres que nos EE.UU. o consumo ascende a 4.000 litros por persoa e día.

Outra cifra para meditar: para producir 1 quilogramo de carne necesítanse uns 15 m³ de auga, mentres que para 1 Kg. de cereal abunda con 3 m³.

Outro dato tremendo: Europa gasta case o 70% da auga do mundo, e case a metade estrágase a causa de sistemas de irrigación obsoletos, do pésimo estado das canalizacións e dos malos hábitos cidadáns.

Preto do 70% da auga utilízase na agricultura. Poderíanse analizar outros datos coma o consumo do petróleo, a erosión, a desertización debida ás malas prácticas agrícolas, as grandes facendas improdutivas, etc., pero creo que todo o anterior é suficiente para facernos unha pregunta: ¿esta situación é sostible?; ¿os recursos son ilimitados?

Evidentemente non, e por iso aí están os intentos do Cumio de Río, Kioto, a Axenda XXI, etc., para poñer freo a tanto exceso e así poderlles legar un **Futuro** ás xeracións vindeiras. Iso depende de **Cada un de nós**. Como punto de partida, para unha meditación sería, propóñovos que pensesdes sobre o seguinte: **Cada vez que consumimos algo temos a oportunidade de facer futuro**. Un exemplo: cando merco unha prenda de vestir producida na miña bisbarra (e con materiais da localidade), estou reducindo drasticamente o consumo enerxético e os danos ó medio ambiente (enténdase petróleo, auga, estradas, etc.), cousa que non sucede cando mercamos esa mesma prenda fabricada na China, por mencionar un lugar afastado. Isto por non citar a destrución de postos de traballo, a explotación infantil, a contaminación, as dependencias, etc., aspectos todos eles incentivados pola política económica mundial que NON FAI repercutir todos estes gastos (que pagamos entre todos) sobre os produtos importados, e que compromete así o noso futuro.

A **Fundación Galicia Verde** aposta decididamente por ese FUTURO, pola aplicación da Axenda XXI, a través do desenvolvemento sostible (que inclúe a incentivación da produción e o consumo locais), e pola conservación do medio natural para as xeracións vindeiras. A este fin, a Fundación está a construír o primeiro **Centro Galego de Medioambiente, Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Rural para a Investigación, o Ensino, a Divulgación e a Promoción de Emprego** en Leboso, no Concello de Forcarei. Este centro, pioneiro en España, que será autosuficiente ó 100% (dende o punto de vista enerxético e de aproveitamento das augas residuais), traballará na recuperación e mellora do noso

patrimonio xenético (entendendo por tal as hortalizas, froiteiras, cereais, etc.) para poñelo a disposición dos agricultores que aposten polo desenvolvemento sostible mediante a súa incorporación á ecoagricultura (e gandería), isto é: a produción de produtos sans (sen utilizar ningún tipo de veneno ou práctica agresiva para o medio natural) para a súa venda nos mercados máis próximos (redución do gasto enerxético, diminución da contaminación, etc.).

Outras apostas da **Fundación Galicia Verde** pasan polas enerxías alternativas renovables (isto é, aquelas que non se esgotan), o tratamento das augas residuais para a súa reutilización, a incorporación de novas tecnoloxías que faciliten o traballo do agricultor e, finalmente, pola creación de postos de traballo dignos no rural.


A fin de potenciar a posta en marcha deste proxecto, que pasa necesariamente pola formación de persoal, estase traballando no deseño dun proxecto de Obradoiro de Emprego. O obxectivo fundamental deste Obradoiro é dobre; en primeiro lugar, queremoslle dar a un grupo de persoas unha preparación sólida en áreas tan complementarias para o desenvolvemento sostible como son a ecoagricultura (e gandería), bioconstrución, enerxías alternativas e informática, ademais de coñecementos de fontanería, electricidade ou carpintería. Trátase dunha formación integral e innovadora en España. O segundo obxectivo, tan importante ou máis có primeiro, sería manter ese grupo cohesionado de cara ó futuro, para traballar en equipo e garantir unha formación profesional permanente, servindo de xerme para novas experiencias similares.

O noso Obradoiro terá principio, pero non terá fin, posto que forma parte dun proxecto máis amplo, un proxecto de futuro para a creación de postos de traballo en empresas de transformación sostible, control de calidade, man de obra cualificada, etc.

Apuntamentos

O centro de Leboso traballará na recuperación e mellora do noso patrimonio xenético (hortalizas, froiteiras, cereais, etc.) para darlo ós agricultores que aposten pola ecoagricultura

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO



landra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego

